

*Copia*

# **ESTATUTOS DO CENTRO CULTURAL “ OUTEIRO ” CHANTEIRO – ARES – (A CORUÑA)**

**CAPITULO I - *Da Denominación , fins e enderezo***

**CAPITULO II -*Dos Asociados***

**CAPITULO III-*Da Administración e Goberno***

**CAPITULO IV-*Dos Recursos económicos***

**CAPITULO V - *Da Reforma Dos Estatutos e  
Disolución Da Asociación***

**CAPITULO VI -*Do Regulamento De Réximen Interno***

**CAPITULO VII-*Disposición Transitoria***



## CAPITULO I - DENOMINACIÓN FINS E ENDEREZO

ARTIGO 1.-Esta asociación se denomina CENTRO CULTURAL "OUTEIRO" DE CHANTEIRO é terá un ámbito de acción territorial limitado ó lugar de CHANTEIRO no concello de ARES (A Coruña) o ámparo da lei 1/2002 do 22 de Marzo.

ARTIGO 2.-Esta asociación gozará de personalidade xurídica de seu, a tal fin solicitará a debida aprobación da autoridade competente . Elo implica a súa plena capacidade e responsabilidade para actuar e obrar en todo aquilo que poida favorecer o cumprimento dos fins que lle son propios . Se acolle á normativa legal vixente , acolléndose por tanto as mesmas.  
A súa constitución será por tempo indefinido.

ARTIGO 3.- Constitúe po-lo tanto o seu obxeto é promociona-la cultura e o deporte así como toda clase de espallamento entre os seus asociados e asociadas .Constituíndose por todo ilo , dentro da propia sociedade , unha sección de carácter deportiva que sen prexuício de rexerse po-los seus estatutos autónomos están supeditados ós xerais que aquí se dictan.

ARTIGO 4.-O enderezo social será no edificio sito no lugar de OUTEIRO (Chanteiro) Nº 46- no concello de ARES, construído e custeado po-la prestación persoal dos asociados fundadores , nos terreos que foron doados para estas fins.

## CAPITULO II.- DOS ASOCIADOS

ARTIGO 5.-Poderán ser socios ou socias toda-las persoas que simpaticen coas fins desta asociación. Os socios e socias que non residan no ámbito territorial da asociación non poderán ocupar cargos directivos , a menos que así o decida expresamente a Asamblea Xeral a que se refire o artigo 26 dos presentes estatutos.

ARTIGO 6.-A admisión de socios ou socias é facultade da Xunta Directiva , que decidirá a procedencia ou non da admisión de aqueles ou aquelas que téndoo solicitado en forma , cumpran os requisitos establecidos nestes estatutos . Dentro da asociación poderán existilas seguintes clases de asociados:



ARTIGO 10.- Se perderá a condición de socio ou socia por:

-Baixa voluntaria, comunicada oportunamente.

-Falta de pago de mais de dous recibos, logo de ser avisado po-la xunta directiva .

- Por acordo da Asamblea Xeral.

-Cando se dea algunha falta grave de espírito comunitario , intentando entorpecer ou prexudica-la marcha e o funcionamento da Asociación , ou po-lo mal trato dado as instalacións , mobles e inmobles que éstean o servico da Asociación , a Xunta Directiva proporá a súa expulsión , se sometendo esta decisión a unha Asamblea Xeral que ó efecto se convocará e decidirá sobre ilo.

En calquera dos casos que se mencionan o socio ou socia non terá dereito algún a indemnización ou retorno das súas aportacións a asociación .

ARTIGO 11.- O socio ou socia que cause baixa voluntaria e desexe reingresar de novo terá que satisfacer toda-las mensualidades atrasadas ou a cota de entrada que estea establecida.

Quen tiveran que ausentarse durante un longo periodo (superior os seis meses) poderán solicita-la súa baixa temporal, sen abono das cotas mensuales namentres dure a ausencia.

ARTIGO 12.- A Xunta Directiva queda facultada para conceder tarxeta de socio eventual po-lo prazo dun mes , para aqueles que accidentalmente residan na localidade ou desexen concurrir a algunha actividade no local social.

### CAPITULO III.- DA ADMINISTRACIÓN E GOBERNO

ARTIGO 13.- A Asociación se rexerá po-los presentes estatutos e no seu defecto po-la lei de asociacións e demais normas vixentes no seu caso e os seus organos rectores serán a Asamblea ou Xunta Xeral de Asociados e, na súa representación a Xunta Directiva.

ARTIGO 14.- A Asamblea Xeral designará por voto ós membros da Xunta Directiva e os cargos que cada un terá dentro dela . Ditos cargos serán : Presidente ou Presidenta, Vicepresidente ou Vicepresidenta, Secretario ou Secretaria , Vicesecretario ou Vicesecretaria, Tesoureiro ou Tesoureira e cinco Vocales.

**ARTIGO 15.-** A actuación da Xunta Directiva é decisoria e executiva, os seus acordos requiren maioría simple.

**ARTIGO 16.-** Os cargos da Xunta Directiva serán totalmente gratuitos e a súa duración será de dous anos (2) , podendo os seus membros ser reeleixidos para os cargos que viñan de ocupar. A Xunta Directiva ten que renovarse por metade cada ano , renovándose no primeiro turno os cargos de Presidente ou Presidenta , Secretario ou Secretaria , Tesoureiro ou Tesoureira e Vocales pares. En segundo turno os restantes membros.

As vacantes que se produzan na Xunta Directiva durante éste periodo serán cubertas por dita Xunta é confirmadas po-la asamblea Xeral, rematando o seu exercicio cando houbera de rematar o correspondiente directivo reemplazado.

**ARTIGO 17.-** A Xunta Directiva se reunirá po-lo menos unha vez o mes baixo a presidencia do Presidente ou Presidenta é no seu defecto po-lo Vicepresidente ou Vicepresidenta . A ausencia dun directivo ou directiva , inustificadamente durante tres reunións consecutivas dará lugar o seu cese do cargo directivo . A Xunta Directiva se considerará constituída sempre que , previa convocatoria , se atopen no local onde deba ter lugar a reunión aló menos o Presidente ou Presidenta, o Secretario ou Secretaria e dous membros mais.

**ARTIGO 18.-** Poderá reunirse a Xunta Directiva con carácter extraordinario cando así o soliciten tres dos seus compoñentes ou por convocatoria do Presidente ou Presidenta ou Vicepresidente ou Vicepresidenta.

**ARTIGO 19.-** A Xunta Directiva queda facultada para interpreta-los presentes estatutos así como para resolver calquera cuestión non prevista neles , dando conta para a súa aprobación á primeira Asamblea Xeral que se celebre con posterioridade.

**ARTIGO 20 .-** Ccorresponderá o Presidente ou Presidenta a representación legal e oficial dos documentos da asociación , así como representa-la legalmente ante toda clase de organismos públicos e privados, dirixi-los debates nas sesións decidindo co seu voto cando exista empate , convocar Xuntas, cumprir e facer cumprir os acordos da Xunta Directiva e Xunta Xeral , resolver por él mesmo toda cuestión que po-la súa importancia

-ou urxencia sexa necesario para o mellor cumprimento dos fons da asociación , estando obrigado a dar conta de ilo a Xunta Directiva , autorizar coa súa sinatura as actas , certificacións e outros documentos , sendo asemade Director ou Directora dos servicios da Asociación .

**ARTIGO 21.-**Corresponderalle o Vicepresidente ou Vicepresidenta as funcións que foran atribuídas o Presidente ou Presidenta , no caso de que po-la súa ausencia lle atribuíra , é en todo caso , e á solicitude do Presidente, auxiliar o mesmo nas súas funcións.

**ARTIGO 22.-** O Secretario ou Secretaria terá ó seu cargo o arquivo e a custodia dos documentos da asociación , redactará as actas e a memoria anual , dará cumprimento os acordos da Xunta Directiva , extenderá as convocatorias e terá o seu cargo o libro de rexistro de asociados e asociadas, de altas e baixas e todo o funcionamento administrativo da Asociación , auxiliando o Presidente ou Presidenta é o Vicepresidente ou Vicepresidenta nos cometidos que estes lle encomenden . En xeral , terá baixo a súa dirección o réxime interior da Asociación.

**ARTIGO 23.-**O Vicesecretario ou Vicesecretaria auxiliará o Secretario ou Secretaria na totalidade das súas funcións, sustituindo nas funcións qu este lle encomende.

**ARTIGO 24.-**O Tesoureiro ou Tesoureira terá baixo a súa custodia os fondos e valores da Asociación e inservirá coa súa sinatura en tódo-los documentos de cobro e pago , co conforme do Presidente;levará os libros de gastos é ingresos de contas corrientes , redactará os presupostose balanços, estados de contas, ordenará o cobro de cotas , en xeral, terá o seu cargo todo o funcionamento económico da Asociación que deberá ter sempre o día e a disposición dos asociados os días que determine a Xunta Directiva .Tamén terá o seu cargo os libros oficiais de contabilidade é os auxiliares necesarios, é en xeral , todas aquelas funcións de tipo contable e fiscal a que pudiera haber lugar.

**ARTIGO 25.-**Corresponderá os Vocales suplir ós demais membros da Xunta Directiva en caso necesario, dar conta o Presidente ou Presidenta da súa xestión normal e das extraordinarias que de lle foran encomendadas, estudar e vota-los asuntos que se debaten no seno da Xunta Directiva , presidi-las comisións que foran necesario formar na Asociación é, en xeral, desempeñar as misións de cotío inherentes a tal cargo.

M<sup>o</sup> ~~Jose Luis~~  
32639394 W

Ju. Pradal  
3260718F

3269815-D

32652205 W

32615757-6

32603036 F

*32603036.F*  
*326039394 W*  
**ARTIGO 26.-**As Asambleas Xerais se celebrarán dúas veces o ano (2) con carácter ordinario , debendo ser convocadas con quince días de antelación (15), coa exposición da orde do día , na que se deberá incluír o estado de contas, renovación ou reelección dos cargos da Xunta Directiva , se dará lectura a memoria anual , rogos e preguntas, etc..Ditas Asambleas Xerais Ordinarias se levarán a cabo no primeiro e terceiro trimestre do ano.

*32607186*  
*32639815-D*  
Asemade , poderáanse celebrar Asambleas Xerais Extraordinarias convocadas po-la Xunta Directiva ou a petición da terceira parte dos socios e/ou socias , para tratar da disolución da Asociación , reforma de estatutos , elección de Xunta Directiva e outros problemas de interese para a Asociación .

As Asambleas Xerais serán dirixidas po-lo Presidente ou Presidenta da Asociación e no seu defecto po-lo Vicepresidente ou Vicepresidenta ou por calquera membro da Xunta Directiva que ésta designe.

**ARTIGO 27.-**As Asambleas Xerais terán validez cando en primeira convocatoria asistan a metade dos seus componentes , e en segunda convocatoria , media hora mais tarde , cos asistentes presentes , sendo os acordos válidos cando sexan tomados por maioría simple.

#### CAPITULO IV DOS RECURSOS ECONÓMICOS

*32652.205 W*  
*3265798-6*  
**ARTIGO 28.-**Os medios económicos da asociación estarán constituídos po-las cotas dos seus asociados e asociadas e os bens mobles e inmobles , rendas, subvencións, doazóns, legados e cantas aportacións se puideran recibir e a Asociación acepte.

**ARTIGO 29.-**A facultade de dispor de patrimonio da Asociación corresponde a Asambleas Xerais de asociados e asociadas , a súa administración, conforme o que se estableza nos presupostos anuais ,á Xunta Directiva.

**ARTIGO 30 .-**A Asociación comenza o seu funcionamento co patrimonio fundacional do edificio social e terreos que ó circundan, o cal ascende a un millón de pesetas (1000.000) seis mil euros (6000).

**ARTIGO 31.-**A cota social se establecerá na cantidade mesual , trimestral, semestral ou anual que á **Asamblea Xeral** acorde , con posibilidade de modificación posterior po-la mesma **asamblea** .

O sistema recaudador se establecerá po-la **Xunta Directiva**.

**ARTIGO 32.-**Se establece como limite máximo do presuposto anual da **Asociación** a cantidade de seiscientos euros (600), esta cifra poderá ser alterada por acordo adoptado po-la **Xunta Xeral** , sen que supoñan modificación formal dos estatutos , ó aproba-los presupostos correspondientes a futuros exercicios.

O exercicio económico será anual , e o cierre será o día 31 de Decembro de cada ano.

## **CAPITULO V - DA REFORMA DOS ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN**

**ARTIGO 34.-**Para a modificación dos estatutos será preciso o acordo da **Xunta Xeral** , convocada a tal fin con carácter extraordinario e coa aprobación dos dous tercios (2/3) dos socios e socias presentes.

**ARTIGO 35.-** A asociación constituída só se pode disolver por acordo da **Asamblea Xeral Extraordinaria** de asociados e asociadas expresamente convocada para tal fin , non tendo validez dito acordo si non é adoptado po-los dous tercios (2/3) dos presentes.

A **Asamblea Xeral** non poderá acorda-la disolución namentras un mínimo dun tercio (1/3) dos socios e socias presentes estean dispostos a continua-la vida da **Asociación** e se comprometan por escrito a sostela economicamente facendose cargo da totalidade das responsabilidades sociais.

**ARTIGO 36.-** En caso de disolución , o patrimonio e bens desta **Asociación** pasarán o concello , para que este os destine en beneficio de obras civico - recreativas e culturais deste lugar de Chanteiro.

**CAPITULO VI.- DO REGULAMENTO DE REXIMEN INTERNO**

**ARTIGO 37.-** O regulamento de Réximen Interno , no seu caso desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nos presentes estatutos , non podendo ir en ningún caso en contra do estipulado nos mesmos, en todo caso o funcionamento interno da Asociación estará sometido ó ordenamento xurisdiccional civil.

**CAPITULO VII.- DISPOSICIÓN ADICIONAL**

En todo canto non estea previsto nos presentes estatutos , se aplicará a lei orgánica 1/2002 do 22 de Marzo , reguladora do dereito de asociación é as disposicións complementarias.

Dña . M<sup>a</sup> Isabel Sanjurjo Paz, Secretaria da Asociación a que se refiren estes estatutos;  
**CERTIFICA** que os presentes estatutos foron modificados para adapta-los as previsións da lei orgánica 1/2002 do 22 de Marzo por acordo da Asamblea Xeral Extraordinaria de Asociados con data do 28 de Marzo do 2004.

En Chanteiro - Ares 10 de Mayo do 2004

A Secretaria

Fdo.

M<sup>a</sup> Isabel Sanjurjo

V<sup>o</sup> B<sup>o</sup> O Presidente

Fdo.

Juán José Rodriguez

-- paxina 8--

*Isabel Sanjurjo Paz*  
32639394 W

*Isabel Sanjurjo Paz*  
32615798-6

*Isabel Sanjurjo Paz*  
32639815-D

*Isabel Sanjurjo Paz*  
32652205W

*Isabel Sanjurjo Paz*  
2006

*Juan José Rodriguez*  
Fdo.

.....  
**DILIXENCIA para facer constar que a redacción dos presentes Estatutos leva incluída a modificación aprobada na Asamblea Xeral Extraordinaria do 28 de Marzo do 2004 convocada para tal efecto.**

**Seguen as firmas dos membros da Xunta Directiva.**

  
32615798-G  
32.652.205 N  
32639815-D

32603036 F  
  
32610718 F

~~M. José Sánchez~~  
32639394 N

